



Resolución do expediente con código PO-00011378Q(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal SERRA DO EIXO, Concello Carballeda de Valdeorras, Provincia Ourense.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data 19/12/2019 tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación o expediente exposto con anterioridade.

Segundo. A solicitude non inclúe novos modelos silvícolas ou de xestión forestal ou de referentes de boas prácticas específicos.

Terceiro. A documentación presentada está incompleta.

Cuarto. Con data 14/02/2020 requiríuse o solicitante para que emendase a falta ou acompañase os documentos preceptivos que faltaban no prazo de dez días .

Quinto. Con data 28/02/2020 emendou as deficiencias atopadas.

Sexto. Seguindo o establecido no artigo 15 do Decreto 52/2014, procedeuse a requerir os seguintes informes:

- Informe do Distrito Forestal XIII - VALDEORRAS / TRIVES. Solicitado con data 03/03/2020 e non recibido. Favorable por silencio.
- Informe do Servizo de Patrimonio Natural. Recibido con data 19/04/2020 en sentido desfavorable e posto de manifesto ao solicitante con data 23/04/2020. Solventado co informe favorable do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada.
- Informe do Servizo de Patrimonio Cultural. Recibido con data 03/04/2020 en sentido favorable condicionado e notificado ao solicitante con data 07/04/2020

Sétimo. Con data 04/10/2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático resolveu o procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificado en sentido favorable; concluíndo que non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente, e polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Oitavo. Con data 06/10/2021 o servizo de montes propón a aprobación do expediente indicando:

O instrumento cumpre cos requisitos establecidos no Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia e eleva o expediente á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que resolva a súa aprobación.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 8.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia a competencia para resolver correspóndelle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Segundo. O expediente foi instruído conforme ao disposto ao Decreto 52/2014, de 16 de abril polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e xestión de montes, e seguindo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Polo anteriormente exposto, RESOLVO:

APROBAR a primeira presentación do expediente con código PO-00011378Q(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal SERRA DO EIXO, Concello Carballeda de Valdeorras, Provincia Ourense e autorizar a súa inscrición no Rexistro de Montes Ordenados, segundo o artigo 81.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, cunha vixencia ata o 31 de decembro do ano 2029 inclusive, co número de rexistro 3200253.

Esta resolución circunscríbese ás competencias dos organismos sectoriais da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias que outros organismos, nomeadamente os estatais, poidan ter sobre a materia.

Considérase incorporada a esta resolución, de conformidade co artigo 42 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.; o informe de impacto ambiental formulado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático con data 4 de outubro de 2021 do proxecto de ordenación forestal SERRA DO EIXO, Concello Carballeda de Valdeorras, Provincia Ourense,





Contra a presente resolución, a persoa interesada poderá interpoñer RECURSO DE ALZADA no prazo DUN MES dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Conselleira do Medio Rural, ao abeiro dos art 112 e 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido este prazo sen presentarse o devandito recurso, esta resolución adquirirá firmeza en vía administrativa.

Mediante este documento notifícaselle a BERNARDINO BORRAJO TATO, NIF 76708206D, representante de CMVMC SIERRA DEL EJE, NIF V32201261 esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,
O Director Xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez
(Asinado dixitalmente)

Asinado por: CHAN RODRIGUEZ, JOSE LUIS
Cargo: O Director Xeral de Planificación e Ordenación Forestal
Data e hora: 13/10/2021 19:21:11

CVE: 2HuDuPezD1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO, POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ORDENACIÓN FORESTAL NO MVMC "SERRA DO EIXO" NO CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS (OURENSE), PROMOVIDO POLA CMVMC CANDEDA, CARBALLEDA, CASOIO, DOMIZ, PUSMAZÁN, RIODOLAS, ROBLEDO, SANTA CRUZ, SOUTADOIRO, RICOSENDE, VILADEQUINTA, ALIXO, RAXOÁ E MILLAROUSO (CLAVE 2020/0122)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), e as modificacións posteriores, establece, no artigo 7.2.a), que os proxectos comprendidos no anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na sección 2ª do capítulo II (título II) da dita lei.

O promotor do proxecto obxecto deste informe incluíuno no grupo 1.b. do anexo II da referida lei [*Forestacións segundo a definición do artigo 6. g) da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes, que afecten a unha superficie superior a 50 ha e talas de masas forestais co propósito de cambiar a outro tipo de uso do solo*], polo que de acordo co seu artigo 47 procede determinar se debe ou non someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1. Obxecto do proxecto e descrición, localización, promotor e órgano substantivo

1.1. Obxecto do proxecto, descrición e localización

Preténdese levar a cabo o Proxecto de ordenación do Monte Veciñal en Man Común (MVMC) "Serra do Eixo", situado ao suroeste do concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense) co fin de mellorar a súa capacidade produtiva e proporcionar un rendemento económico á comunidade de montes, para o que establece as actuacións a realizar ao longo de dez anos, dentro do primeiro Plan especial (2020-2029). A superficie obxecto de ordenación abrangue 1.631,54 ha.

O plan de melloras incluído no primeiro Plan especial do proxecto propón a repoboación de parte da superficie do monte, motivo polo que se somete a avaliación ambiental. Trataríase dunha superficie total a repoboar de 817 ha.

As coordenadas do centroide do monte (UTM-ETRS89) e os datos referidos ás superficies deste, móstranse na táboa a seguir:

Coordenadas UTM (ETRS89)		Superficie clasificada do monte (ha)	Superficie de ordenación (ha)	Superficie de forestación (ha)
X	Y			
672.552	4.688.670	1.980	1.631,54	817

Na Figura 1 pódese ver a localización do monte, cos dous perímetros deste, o límite da carpeta ficha do MVMC (de azul) e co límite do MVMC a ordenar (de vermello).






Figura 1. Delimitación do perímetro do monte veciñal. Fonte: Documento ambiental.

Na Figura 2 pódense observar os cuarteis e unidades de ordenación. As forestacións previstas levaranse a cabo nos cuarteis 001 (cor verde) e 002 (cor marrón), que teñen como obxectivo o produtor e o protector-productor, respectivamente.




Figura 2. Mapa coas unidades de ordenación e a división dasocrática do monte veciñal. Fonte: documento ambiental.

Ao longo da superficie do monte a ordenar, segundo o inventario realizado, pódense diferenciar os seguintes estratos (ver figura 3):

- **Estrato 01:** repoboación de piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*) en estado fustal, que abrangue 1,65 ha.
- **Estrato 02:** repoboacións de *Pinus sylvestris* en estado de latizal, de 35 a 40 anos. Ocupan 34,55 ha.





- **Estrato 03:** repoboacións de *Pinus sylvestris* en estado de latizal, de 30 a 35 anos nunha superficie de 3,55 ha.
- **Estrato 04:** plantación de *Pinus sylvestris* en estado de repoboación (6-7 anos). Ocupan unha superficie de 22,58 ha.
- **Estrato 05:** plantación de *Pinus sylvestris* en estado de repoboación (1 ano), en 99,70 ha.
- **Estrato 06:** repoboación de *Betula alba* de 1 ano en 6,36 ha.
- **Estrato 07:** mestura de frondosas, vinculadas fundamentalmente aos cursos de auga. Ocupan un total de 43,58 ha.
- **Estrato 08:** superficie rasa con arborizado disperso. Ocupa a maior parte da superficie do monte (1.308,34 ha).
- **Non forestal:** áreas sen uso forestal.




Figura 3. Estratos de vexetación e usos do monte veciñal. Fonte: Documento ambiental.

O proxecto de ordenación forestal desenvolverase a través de plans especiais. O primeiro plan especial previsto inclúe o Plan de aproveitamentos que prevé as cortas de mellora (claras) da masa existente de *Pinus sylvestris* en 35,24 ha e o Plan de melloras, que contempla a repoboación do monte e as seguintes actuacións:

- **Repoboación** de 816,67 ha de zonas rasas, eliminando a vexetación preexistente mediante unha actuación de roza. A continuación prepararase o terreo para evitar perdas de solo e realizarase a plantación de piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*) en aproximadamente un 90% da superficie e bidueiro (*Betula alba*), no 10% restante.
- **Reposición de marras:** unha vez realizada a forestación, repoñeranse as faltas por medio de plantación manual con mudas dun zume.
- **Aperturas de pistas:** abranse 11,83 km de infraestruturas necesarias para realizar a forestación, o seu mantemento e conservación. Tamén se empregarán cando se realicen as claras ou a corta final.
- **Creación de devasas:** crearanse un total de 39,09 ha de devasas perimetrais ás forestacións co obxectivo de evitar a propagación dos incendios forestais.
- **Rozas:** consistirán na eliminación de matogueiras en 133,76 ha de zonas rasas co obxectivo de reducir a carga e romper a continuidade horizontal do combustible



forestal. Tamén se executarán nas fase de mantemento para eliminar a posible competencia do mato.

- **Podas:** realizaranse en 35,56 ha coa finalidade de mellorar a calidade da madeira e romper a continuidade vertical do combustible.
- **Trituración e/ou picado de restos:** nas zonas de actuación se procederá a realización unha trituración e/ou picado dos restos vexetais, que se deixarán sobre o terreo, co fin reducir o combustible, diminuír o risco de propagación de pragas e enfermidades e achega de nutrientes ao solo.
- **Mantemento de infraestruturas existentes:** limpeza e arranxo de viarios forestais, faixas auxiliares e devasas, que permitirá a conservación dunha barreira contra os incendios forestais e o acceso ao monte.

Na Figura 4 pódese observar as zonas que serán forestadas, e que se localizan no Estrato 08, de superficie rasa con arborizado disperso.




Figura 4. Zonas do MVMC Serra do Eixo onde se levarán a cabo as actuacións de forestación de *Pinus sylvestris* e *Betula alba*. Fonte: Documento ambiental.

1.2. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a CMVMC Candeda, Carballeda, Casoio, Domiz, Pusazán, Riodolas, Robledo, Santa Cruz, Soutadoiro, Ricosende, Viladequinta, Alixo, Raxoá e Millarouso e o órgano substantivo é o Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Medio Rural.

2. Resumo da tramitación

O 10.06.2020 recíbese nesta consellería unha solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada acompañada do documento ambiental do proxecto, remitido polo órgano substantivo (Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de





Medio Rural) para que esta dirección xeral inicie a avaliación de impacto ambiental simplificada ao abeiro da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro.

O 19.06.2020 recíbese nesta consellería documentación complementaria á recibida o día 10.06.2020.

O 01.07.2020 notificouse ao órgano substantivo o inicio do período de consultas previas, previsto no artigo 46 do texto consolidado da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 04.09.2020 reiteráronse as solicitudes de informe á dirección xeral de Patrimonio Natural e á Confederación Hidrográfica Miño – Sil.

Neste contexto, a relación de organismos consultados, indicando cun X aqueles dos que se recibiu resposta, é a seguinte:

Relación de consultados	Respostas recibidas
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X
Instituto de Estudos do Territorio	X
Confederación Hidrográfica do Miño - Sil	X
Concello de Carballeda de Valdeorras	X
Consello da Cultura Galega	X
Federación Ecoloxista Galega	-
Sociedade Galega de Historia Natural	X

Así mesmo, o documento ambiental estivo dispoñible para outros organismos, organizacións e público en xeral na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Como resultado do anterior, recibíuse unha consulta web na que se indican aspectos non relacionados coas posibles afeccións ambientais do proxecto.

Os aspectos máis relevantes das respostas recibidas resúmense a continuación:

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural envía un primeiro informe o 28.08.2020 no que sinala que dentro do perímetro do monte e no seu contorno inmediato localízanse bens do patrimonio cultural e advirte da posible presenza doutros elementos non documentados, polo que o proxecto pode supoñer unha afección sobre o patrimonio cultural. Considera necesario que o documento ambiental incorpore unha avaliación de impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural baseada nos resultados dun traballo de prospección arqueolóxica da superficie do MVMC e do seu entorno inmediato, que será remitida polo órgano ambiental para informe desta dirección xeral.

O 08.09.2021 emite un novo informe en base aos resultados da prospección realizada, no que recolle as consideracións legais e técnicas nas que se enmarca o proxecto e sinala que as actuacións previstas afectan ao contorno de protección dun ben integrado no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e a dous bens etnolóxicos localizados na prospección





arqueolóxica. Polo tanto, establece unha serie de consideracións e medidas protectoras a ter en conta, que se recollen no condicionado do presente informe de impacto ambiental.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un informe no que tras recoller os antecedentes e un resumo da proposta do proxecto, realiza unha análise da documentación e da información achegada polo Servizo de Patrimonio Natural de Ourense. Visto o anterior, indica que non é previsible que o proxecto de ordenación supoña unha afección significativa sobre os valores naturais da zona, polo que a súa execución resulta compatible coa preservación dos mesmos, sempre que se garanta o cumprimento das medidas contempladas no documento ambiental e se teñan en conta unha serie de consideracións, que foron recollidas no condicionado ambiental do presente informe de impacto ambiental.

O Instituto de Estudos do Territorio emite un informe no que recolle o marco legal, describe o proxecto e o contido do documento ambiental e analiza a incidencia da proposta sobre a paisaxe. Sinala que pola súa natureza e as características do territorio ao que afecta, o proxecto de ordenación supón unha alteración substancial das actuais coberturas predominantes (principalmente matogueiras e zonas rochosas), que se verán substituídas por unha plantación forestal intensiva. Conclúe que o proxecto pode producir efectos significativos sobre a paisaxe que poderán mitigarse coas medidas previstas no informe emitido e que se atopan recollidas no condicionado ambiental deste informe de impacto ambiental.

A Confederación Hidrográfica Miño – Sil fai un resumo dos antecedentes do proxecto, describe as actuacións propostas e recolle os aspectos a ter en conta respecto aos recursos hídricos, vertidos, canles e zonas protexidas, das que se derivan unha serie de obrigas e recomendacións a ter en conta na execución do proxecto para evitar afeccións ao dominio público hidráulico e ás zonas de protección asociadas, que foron incluídas no condicionado ambiental do presente informe de impacto ambiental.

O Concello de Carballeda de Valdeorras, envía un primeiro informe con data de 12.08.2020 onde fai un resumo das principais características do proxecto, concluíndo que a forestación que se pretende executar non produciría nin urbanística nin medioambientalmente impacto ambiental significativo, polo que non cabe a necesidade de formular proposta alternativa a incluír no informe de impacto ambiental que faga necesario someter o proxecto a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Posteriormente, envían outro informe con data do 28.08.2020 coa ratificación por parte do pleno do Concello do contido no informe enviado anteriormente.

O Consello da Cultura Galega, no marco dos seus coñecementos, informa no referido aos bens de interese cultural, espazos naturais protexidos, paisaxe e ordenación do territorio, concluíndo que a transformación solicitada podería ser autorizada.

A Sociedade Galega de Historia Natural resume as actividades recollidas no documento ambiental e solicita que o estudo de impacto ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre os hábitats prioritarios e de interese comunitario, e sobre todas as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, na Directiva Hábitats, no Catálogo Español de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e se adapte o proxecto para evitar a súa afección, prestando especial atención ás especies características de espazos abertos que se verían desprazadas pola forestación (*Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Circaetus gallicus*, *Aquila chrysaetos*, *Falco peregrinus* e *Perdix perdix hispaniensis*). Establece unha serie de medidas para evitar a afección das especies ameazadas





e require da adopción das medidas contempladas non plans de conservación elaborados e en elaboración por parte da Xunta de Galicia.

3. Análise segundo os criterios do anexo III

Unha vez analizada a documentación que obra no expediente, e co obxecto de determinar se o proxecto debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, realízase a seguinte análise segundo os criterios do anexo III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro.

3.1. Características do proxecto

O proxecto de ordenación do Monte Veciñal en Man Común (MVMC) "Serra do Eixo" propón a execución dunha serie de actuacións a realizar ao longo de dez anos, dentro do primeiro Plan especial 2020-2029. O Plan de melloras do Plan especial, que inclúe a forestación do monte, establece as seguintes actuacións, divididas nas fase de execución, explotación e abandono:

Fase de execución:

- **Tratamento da vexetación existente:** roza mecanizada cun tractor de rodas dotado dunha rozadoira traseira de cadeas. Unha vez rozado, a vexetación non superará os 10 cm de altura. Segundo se indica, respectaranse todos os pés arbóreos presentes que se diferencien claramente da matogueira.
- **Preparación do terreo:** debido á pedregosidade e aos afloramentos rochosos da zona realizarase cun tractor de cadeas tipo bulldozer provisto de 1-2 ripper, traballando en liña de máxima pendente. A profundidade dos buracos será de 50 cm.
- **Plantación:** prevese a plantación de piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*) nunha proporción do 90% e bidueiro (*Betula alba*) no 10% restante, que se levará a cabo nun total de 816,67 ha. A plantación realizarase de forma manual, empregando planta en cepellón dun zume, procedente de viveiros autorizados.
- **Apertura de liña de defensa:** crearanse un total de 39,09 ha de faixas auxiliares e devasas perimetrais cun tractor de cadeas tipo bulldozer, con penetración da coitela ata o solo mineral.

Fase de explotación:

- **Reposición de marras:** consiste na reposición das plantas secas mediante plantación manual de plantas de iguais características que as plantadas anteriormente. Estímase que a operación afectará a un 10% das coníferas e a un 20% das frondosas.
- **Roza nas entreliñas:** no caso dun crecemento elevado do mato, realizarase unha roza entreliñas de plantación cunha rozadoira de cadeas acoplada ao tractor ou de forma manual no momento no que as matogueiras supoñan unha afección á plantación debido ao seu tamaño.
- **Limpeza e mantemento de infraestruturas:** limpeza da vexetación que se instale nos viarios e devasas.
- **Tratamentos silvícolas:** faranse claras e podas para obter unha mellor calidade da madeira e protección fronte pragas e incendios.

Fase de desmantelamento/abandono: non se prevé o abandono da forestación, en todo caso, contéplase o mantemento periódico de todas as infraestruturas existentes co obxectivo de manter o acceso ao monte e reducir o risco de incendios forestais.





3.2. Localización do proxecto e sensibilidade medioambiental da área

O MVMC Serra do Eixe obxecto de actuación localízase na comarca paisaxística da Terra do Bolo, incluída na grande área paisaxística Serras Surorientais segundo o Catálogo das paisaxes de Galicia. Concretamente atópase na parte central da Serra do Eixo, nunha zona de topografía moi accidentada, con pendentes relativamente fortes nos vales e mais suaves na cumieiras e divisorias das augas, sendo a pendente media do 33,6% segundo o indicado no documento ambiental. A maior parte do monte correspóndese con matogueira, mentres que nas zonas de val aparecen masas de frondosas de carácter autóctono e tamén existen varios rodais de *Pinus sylvestris* e *Betula spp.* procedentes de repoboación. Na zona nordés da actuación aparecen afloramentos rochosos de xistos e lousas.

No ámbito do monte atópanse varios cursos fluviais como o regueiro de Vidavarento, regueiro de Ricosende, barranco de Pinouco, cavorco da Morteira, cavorco da Pena Redonda, regato de Borraxes, barranco do Santo, barranco do Campanario, regato de Candeda, regueiro da Folgosa e río de Riodolas, pertencentes á bacía do río Sil. O regueiro Ricosende está catalogado como zona protexida "tramo de protección ou mellora para ser apto para a vida dos peixes" no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Miño-Sil. Así mesmo, no monte existen captacións de abastecemento subterráneas.

O ámbito do proxecto non coincide con ningunha figura de espazos naturais protexidos recollida na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade.

Tampouco coincide con ningunha zona húmida recollida no Inventario de humidais de Galicia, nin con árbores ou formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras.

De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas con hábitats de interese comunitario:

- 4030 Queirogais secos europeos
- 4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con toxo
- 9340 Aciñeiras basófilas de *Quercus ilex* e *Quercus rotundifolia*

Segundo o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a zona de actuación está cuberta maioritariamente pola unidade ambiental UA320 Matogueiras e medios rochosos silíceos, constituída fundamentalmente polo hábitat 4030, sendo estas matogueiras áreas prioritarias para varias especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, como a gatafornela (*Circus cyaneus*), tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), perdiz charrela (*Perdix perdix*) e bufo real (*Bubo bubo*). Tamén existe abundante arborado de rexeneración natural nas zonas de dominio público hidráulico e na zona de policía (bidueiros, rebolos, sabugueiros, amieiros, freixos e salgueiros), e no resto das zonas hai queirogais secos europeos, piornos e plantacións de piñeiros silvestres e bidueiros.

En canto ás especies de interese, as cuadrículas nas que se inclúe o ámbito do proxecto correspóndense coa área de distribución de varias especies protexidas incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA)¹, se ben, dada a escala da información, estes datos proporcionan unha primeira aproximación para realizar a análise.

¹ Decreto 88/2007, do 19 de abril



Categoría	Grupo	Grao de protección	
		En perigo de extinción (E)	Vulnerable (V)
Flora		<i>Petrocoptis grandiflora</i>	<i>Campanula adsurgens</i> <i>Galium teres</i>
Fauna	Peixes		<i>Gasterosteus gymnurus</i> (espiñento)
	Anfibios		<i>Rana iberica</i> (ra patilonga) <i>Hyla arborea</i> (rela) <i>Pelobates cultripipes</i> (sapo de esporóns) <i>Chioglossa lusitanica</i> (píntega rabilonga) <i>Rana temporaria</i> (ra vermella)
	Réptiles	<i>Emys orbicularis</i> (sapoconcho común)	<i>Iberolacerta monticola</i> (lagarta da serra)
	Aves	<i>Aquila chrysaetos</i> (aguia real) <i>Milvus milvus</i> (miñado real) <i>Gallinago gallinago</i> (¹) (agacha) <i>Vanellus vanellus</i> (¹) (avefría)	<i>Aquila fasciatus</i> (aguia perdiceira) <i>Circus cyaneus</i> (gatafornela) <i>Circus pygargus</i> (tartaraña cincenta) <i>Perdix perdix</i> (perdiz charrela) <i>Scolopax rusticola</i> (¹) (arcea)
	Mamíferos		<i>Rhinolophus ferrumequinum</i> (morcego de ferradura grande) <i>Rhinolophus hipposideros</i> (morcego pequeno de ferradura) <i>Galemys pyrenaicus</i> (aguaneira) <i>Myotis myotis</i> (morcego rateiro grande) <i>Myotis blythii</i> (morcego rateiro mediano)

(¹) poboacións reprodutoras

No referido á táboa anterior, segundo o "Atlas de aves reprodutoras" publicado polo MITECO en 2003 non é previsible encontrar parellas reprodutoras de avefría (*Vanellus vanellus*) na zona. Tampouco o ámbito está incluído dentro da área de distribución potencial do plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis*). Na visita a campo dos axentes medioambientais do Distrito Medioambiental XIII detectouse a perdiz charrela (*Perdix perdix*) nas zonas denominadas Porteira da Morteira e Alto do Campanario.

Se ben a zona de actuación non está afectada por ningún plan recuperación e/ou conservación de especies protexidas aprobado, o ámbito atópase dentro da zonificación recollida na proposta técnica do plan de recuperación da aguia real (*Aquila chrysaetus*) en Galicia, coincidindo cunha área prioritaria e de presenza. Segundo indica a Dirección Xeral de Patrimonio Natural a ampla parte da zona a forestar coincide coa área crítica de nidificación desta especie.

Ademais, todo o ámbito do monte, atópase dentro dunha área prioritaria de reprodución, alimentación, dispersión e concentración local de especies de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, na que son de aplicación medidas para a súa protección





contra a colisión e electrocución en liñas eléctricas de alta tensión². Dentro deste ámbito territorial do proxecto está incluída a especie *Aquila chrysaetos*.

En canto ao patrimonio cultural, ao suroeste do ámbito atópase o xacemento arqueolóxico Mámoa do Alto da Moeda (GA32083033), situado no concello veciño da Veiga. O ámbito do proxecto está afectado pola franxa exterior ao elemento de 200 m de anchura que constitúe o seu contorno de protección. Ademais, como resultado dos traballos de prospección realizados, no interior do monte foron identificados dous elementos de carácter etnográfico: o Curral da Fonte das Borraxes (GA32017ET-1) e o Curral de Leoncio (GA32017ET-2).

3.3. Características do potencial impacto

Respecto á protección do patrimonio natural, unha ampla parte da zona a forestar do monte coincide cunha área crítica de nidificación da aguia real (*Aquila chrysaetus*), especie catalogada en perigo de extinción. As zonas nas que se levarán a cabo as rozas e as plantacións están maioritariamente constituídas polo hábitat de interese comunitario 4030, hábitat aberto formado por matogueiras, que constitúen áreas prioritarias para varias especies das incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas que están presentes na zona (*Circus pigargus*, *Circus cyaneus*, *Perdix perdix* e *Bubo bubo*) e cuxa destrución polas repoboacións forestais masivas, queimas e rozas sistemáticas está provocando o declive destas especies, así coma a fragmentación e o deterioro e perda de hábitats naturais e seminaturais dos que dependen. A elevada superficie a forestar proposta unido ao desenvolvemento doutras actuacións semellantes solicitadas polas CMVMC lindoiras e próximas ao monte obxecto de actuación, pode contribuír a incrementar ditas afeccións ao producir unha acumulación dos potenciais efectos. Maila isto, non é previsible que o proxecto supoña unha afección significativa sobre os valores naturais da zona sempre que se cumpran todas as medidas recollidas no condicionado ambiental do presente informe de impacto ambiental e no documento ambiental.

Respecto á afección aos cursos de auga, na zona de actuación existen numerosos cursos de auga temporais e permanentes, polo que de non cumprírense as medidas preventivas establecidas na materia, podería producirse unha afección á calidade das augas como consecuencia de posibles vertidos incontrolados ou arrastres de materiais debido ao incremento das escorrentas superficiais, especialmente importante en épocas de chuvias. Así mesmo, o emprego de fertilizantes e produtos fitosanitarios, podería afectar negativamente aos cursos de auga e ás augas subterráneas se non se levan a cabo as medidas oportunas para evitar calquera un risco de contaminación.

Respecto á paisaxe, atendendo ás características e á gran superficie do territorio afectado, terá lugar unha alteración substancial das actuais coberturas predominantes (matogueiras e afloramentos rochosos, frondosas autóctonas próximas aos cursos de auga que atravesan o ámbito) que se verán substituídas por plantacións forestais intensivas. No entanto, a afección paisaxística do proxecto sobre a contorna poderá ser mitigada a través do cumprimento das medidas previstas, así como as recollidas no condicionado do presente informe..

² Segundo o establecido na Resolución do 18 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, alimentación, dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.





En canto ao patrimonio cultural, tendo en conta que o ámbito do proxecto está afectado por varios bens de interese, o proxecto podería incidir negativamente na súa protección se non se toman as medidas oportunas. Respecto á Mámoa do Alto da Moeda (GA32083033), aínda que non se propoñen plantacións na superficie do monte incluída no seu contorno de protección, prevense actuacións de clara, rozas e mantemento de infraestruturas, que no caso de implicar remocións de terra de calquera tipo, precisarán de autorización por parte do órgano competente en patrimonio cultural. Respecto aos bens etnolóxicos identificados no ámbito do monte, o Curral da Fonte das Borraxes (GA32017ET-1) e Curral de Leoncio (GA32017ET-2) a proposta prevé a execución de plantacións nesas zonas, pero coa adopción das medidas previstas no informe arqueolóxico realizado e o sinalado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non se prevén afeccións aos seus valores.

Do punto de vista de emisións á atmosfera, espéranse emisións de gases (CO₂, NO_x, SO_x, etc.), de po e de ruído asociadas ao uso de maquinaria na fase de execución, e aos traballos de mantemento, na fase de explotación.

No referido aos residuos, dadas as características das actuacións previstas non se prevé a xeración significativa de residuos, no entanto, os posibles riscos de contaminación poderían derivar dunha inadecuada xestión destes, polo que coa adopción das medidas previstas no documento ambiental, xunto as sinaladas no presente informe, non se agardan efectos negativos no medio.

Tampouco se detectan riscos de accidentes significativos con potencial afección ao medio derivados das actuacións propostas polo proxecto.

En canto ao impacto sobre o solo, o uso de maquinaria na preparación do terreo implica a ruptura das capas superficiais do terreo e a súa compactación, afectando á microfauna e fauna subterránea do solo. Hai tamén un risco de arrastre de materiais asociado a un posible incremento dos riscos de erosión, especialmente en áreas de elevada pendente e nas proximidades aos cursos de auga, cunha maior incidencia se os traballos se efectúan en época de altas precipitacións. Relevante é tamén a creación de novos viarios que suporá unha fragmentación do territorio e engadirá máis elementos artificiais á paisaxe.

No referido ao cambio climático, a repoboación forestal permite a creación de novas masas arbóreas e polo tanto o aumento da capacidade de captura de carbono por parte da vexetación, constituíndose como novos sumidoiros de carbono, no só na parte aérea das árbores, senón tamén no sistema radicular e no propio subsolo. Malia así, a quenda de corta de especies de uso industrial é moi inferior ao que sería o óptimo dende o punto de vista da redución das emisións e, polo tanto, na mitigación do cambio climático.

4. Condicións ambientais

No desenvolvemento do proxecto aplicaranse as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas na documentación presentada polo promotor na tramitación ambiental, tendo en conta así mesmo as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriores:

4.1. Protección da atmosfera

4.1.1 En canto ás emisións de po e gases á atmosfera





1. A maquinaria a empregar cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto, así como a ITV en vigor.
2. Intentarase que as actuacións se leven a cabo en días de pouco vento, para reducir a xeración de po e perda de solo.

4.1.2 *Co obxectivo de diminuír as molestias por ruído*

1. Deberán respectarse os valores establecidos no Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, que sexan de aplicación, así como as disposicións establecidas no Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.

4.2. *Protección das augas e dos leitos fluviais*

1. As repoboacións propostas deberán realizarse conforme ao Real Decreto 289/2003, de 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, e de acordo co disposto nos artigos 73 y 74 do Regulamento do dominio público hidráulico e normativa do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil relativa á tala de plantación de árbores.
2. A eliminación de vexetación no dominio público hidráulico e nas súas zonas adxacentes de servidume e policía deberá contar de maneira previa coa preceptiva autorización do organismo de cunca segundo o disposto nos artigos 7, 9 e 81 do Regulamento do dominio público hidráulico e disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil. Para a súa obtención deberá aportarse unha memoria descritiva e cartografía coa valoración e medidas de mitigación dos danos previstos sobre a vexetación, así como a súa periodicidade para o mantemento, para o que deberá respectarse o dominio público hidráulico e a franxa de vexetación de ribeira autóctona da zona de servidume e policía
3. Ademais, calquera tipo de obra, traballo ou afección fixa o temporal que poda afectar ás canles ou as súas zonas de protección (zona de servidume e policía), así como calquera aproveitamento de augas públicas, superficiais ou subterráneas, o vertido directo ou indirecto, que poda afectar a estas, precisará de autorización e/ou concesión da Confederación hidrográfica Miño-Sil.
4. Atenderase ao sinalado nas disposicións normativas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Miño-Sil respecto á posible influencia da repoboación sobre zonas e perímetros de protección de captacións de abastecemento de augas destinadas a consumo humano incluídas no rexistro de zonas protexidas do citado plan.
5. Tomaranse as medidas oportunas para evitar calquera tipo de vertido ao medio, extremando as precaucións para non afectar á calidade das augas, tendo en conta os numerosos cursos de auga que discorren polo territorio do MVMC. Prestarase especial atención a todo o relacionado co parque de maquinaria e zonas de tránsito de vehículos para evitar calquera vertido e/ou arrastre de sólidos ou terras por escorrenta. Empregarase, de ser necesario, barreiras físicas temporais que eviten tales verteduras, drenaxes ou afeccións por parte da maquinaria. Neste senso, deberá cumprirse o establecido no art. 24 da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial de Galicia, respecto da contaminación das augas.
6. A acumulación temporal de materiais e restos de vexetación (podas, claras, etc.) situarase fóra das áreas de escorrenta natural de forma que non poidan ser





arrastrados polas augas en caso de enchentes ou chuvias intensas. Deixarase libre de pedras ou outros obstáculos a rede de drenaxe do monte, para evitar obstrucións e asolagamentos que favorezan a erosión do solo.

7. Durante os traballos e actividades a realizar no monte, prohíbese vadear ou circular polas canles de auga, non podendo alterar os fondos nin o desenvolvemento e cría da fauna ictícola. Adoptaranse as medidas correctoras oportunas para evitar a perda de calidade das augas dos cursos de auga, cumprindo cos parámetros de calidade mínima esixible ás augas continentais conforme o anexo V do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación da Pesca Fluvial e dos Ecosistemas Acuáticos Continentais.
8. En cumprimento na normativa en materia de pesca fluvial, será tamén necesario, evitar o arrastre de terras, materiais, lixiviados, etc, ou calquera outra actuación que poida provocar a perda da calidade das augas. Así mesmo, respectarase a vexetación autóctona nas zonas do entorno dos cursos fluviais, tanto permanentes como temporais como garantía de preservación do ecosistema fluvial.

4.3. Protección do solo e infraestruturas

1. Contemplanse as medidas preventivas e correctoras necesarias para evitar derrames de aceites, carburantes ou outros compostos contaminantes ao solo, presentando especial atención ao parque de maquinaria e ás zonas de tránsito dos vehículos.
2. Nos traballos forestais cotiás recoméndase o uso para o engraxe de maquinaria lixeira (motoserra) e pesada (sistemas hidráulicos de maquinaria) de aceite biodegradable (UNE-EN ISO 9888) compatible coa conservación da calidade das augas e solos.
3. Nas zonas de pendente do monte, deberanse adoptar as medidas preventivas e/ou correctoras coa finalidade de evitar os fenómenos erosivos que produzan alteracións na composición dos solos e das augas. A tal fin, non se poderán realizar as rozas mecanizadas, así como subsolaxes en liña de máxima pendente, cando poidan xerar un incremento significativo da erosión do solo (especialmente os riscos de escorrenta de augas en época de choivas).
4. As actividades de mantemento ou reparación da maquinaria empregada farase en lugares adaptados para tal fin, nunca no monte ou nas inmediacións. (ven de residuos)
5. Para a nova construción de camiños e no acondicionamento dos camiños e pistas xa existentes, seguiranse os seguintes requirimentos técnicos:
 - A largura da caixa, incluídos foxos e plataforma, manterase e dotarase dos pasos de auga e foxos necesarios.
 - As seccións transversais dos camiños terán unha caída do 1-2 % para facilitar a evacuación das augas cara aos foxos.
 - Dotaranse as pistas ou camiños de polo menos 1 paso de auga cada 100 m.
 - Nos tramos con pendente, realizaranse cortes transversais en forma de cano dirixidos ao exterior das pistas para facilitar a evacuación das augas cada 50 m.
 - Nos puntos de evacuación da auga, no caso de precisarse por mor da pendente, instalaranse dispositivos co fin de reducir a súa capacidade erosiva.
 - Eliminaranse os cordóns que se poderían formar na parte exterior das pistas ao abrir a caixa.
 - O material mineral procedente da limpeza de cunetas será devolto ás pistas e compactado debidamente naqueles puntos onde existan fochancas, cárcavas, barranqueiras, buratos, etc., non podendo este espallarse a modo de cordón ao





carón da infraestrutura nin espallarse pola vexetación contigua nin almacenarse noutras localizacións diferentes ás referidas.

4.4. Xestión de residuos e materiais

1. Queda prohibida a queima de restos ou calquera outro tipo de material durante todas as fases do proxecto.
2. Os restos vexetais xerados serán triturados preferentemente, mediante pase de rozadoira e posteriormente distribuídos polo terreo.
3. Todos os residuos que se xeren como consecuencia do proxecto, deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme a lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte ao vertido. Do mesmo xeito tampouco se pode facer calquera tipo de vertedura de residuos independentemente da súa natureza en todo o entorno de actuación, sendo o seu destino os xestores autorizados.

4.5. Protección da fauna e da vexetación e outros valores naturais

1. Antes dos inicios dos traballos, será obrigatorio un recoñecemento previo da superficie de actuación, especialmente antes das rozas, polo elevado risco de mortalidade da fauna, levándose a cabo unha prospección minuciosa para constatar presenza ou ausencia de especies do catálogo, comunicándoo, en caso de detección, á Dirección xeral de Patrimonio Natural por medio da Xefatura Provincial, xunto coas medidas que se propoñan. Serase especialmente coidadoso coa avifauna, e en especial coa aguiña real (*Aquila chrysaetos*), por situarse a actuación nunha zona crítica para a especie.
2. No caso de detectárense superficies que alberguen hábitats de interese comunitario prioritarios (4020*, 6220*, 6230*, 7110*, 91E0*, 9180*), o Servizo de Patrimonio Natural de Ourense poderá determinar que sexan excluídas da forestación, mantendo, ademais, unha zona perimetral de protección (mínimo 50 m) que actúe como zona tampón de impactos ambientais.
3. As masas de frondosas existentes no MVMC deberán preservarse, con especial atención a aquelas que poidan ser constitutivas de hábitats de interese comunitario, como o 9230 (carballeiras galaico - portuguesas de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*) e 91E0* (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*)
4. Tanto as posibles actuacións de rozas e tratamentos silvícolas sobre hábitats de interese comunitario, como de ser o caso os tratamentos sobre as masas de frondosas sinaladas, deberán ser comunicados antes do seu inicio ao Servizo de Patrimonio Natural de Ourense, quen decidirá se proceden ou se para ser levadas a cabo precisan da achega de documentación máis detallada e específica.
5. Os labores de roza nas actuacións lineais, afectarán unicamente á superficie definida polas plataformas, viarios e gabias, evitando transitar coa maquinaria fóra delas de xeito que non se produzan alteracións físicas (coa excepción do cumprimento das obrigas derivadas da lexislación de incendios). Tanto estes traballos como os de forestación realizaranse fóra da época de nidificación/cría das especies máis sensibles (febreiro-agosto) tales como o *Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Perdix perdix* ou *Aquila chrysaetos*.
6. Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinantrópico. A tal fin, e para garantir a existencia de hábitats necesarios para as especies catalogadas *Aquila chrysaetos*, *Circus pygargus*, *Circus cyaneus* ou *Perdix perdix*, deberán deixarse mosaicos de matogueira do hábitat 4030 intercaladas entre a plantación de *Pinus sylvestris*.





7. Deberanse fragmentar as grandes masas continuas de coníferas en superficies inferiores as 10 ha con superficies intercaladas de matogueira (hábitat 4030). Estas superficies intercaladas poden vir determinadas polos hábitats de interese comunitario e prioritarios existentes na zona, masas de frondosas existentes, zonas de valgada e servidume de cursos de auga (temporais ou permanentes), zonas onde a calidade do solo non sexan as idóneas dende o punto de vista produtivo,...) cunha superficie suficiente ampla e unha distancia entre zonas a forestar que garanta a zona de refuxio e supervivencia da avifauna que emprega este tipo de hábitat no seu ciclo vital. As devasas e faixas auxiliares de pistas non se considerarán como superficies "mosaico" para a creación de discontinuidade entre estas masas forestais.
8. Fomentarase, na medida do posible, a plantación de *Betula alba* fronte ao *Pinus sylvestris* naquelas zonas que biolóxicamente e ecoloxicamente o permitan.
9. Se durante a execución e explotación das actuacións contempladas no período de aplicación do Plan especial se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar dita afección e será a Dirección Xeral de Patrimonio Natural por medio do Servizo de Patrimonio Natural de Ourense quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.
10. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

4.6. Integración paisaxística e restauración

1. Fomentarase a conservación ou recuperación da diversidade de especies e ecosistemas naturais, creando zonas de exclusión das actividades silvícolas e das faixas de protección de lumes nas que se dean procesos de naturalización encamiñadas á recuperación da vexetación clímax de especies arbustivas (ex: cumios e pequenas chairas asociadas a estes, zonas de afloramentos rochosos, etc.).
2. Incluíranse medidas de protección, mantemento e mellora das áreas de vexetación situadas nas marxes das canles fluviais que non quedaron excluídas das unidades de actuación (cursos altos de ríos e regatos).
3. Incluíranse criterios de integración paisaxística nas medidas de xestión, procurando minimizar o uso de tratamentos silvícolas e de actuacións que poidan producir impactos paisaxísticos. Para isto, racionalizaranse as superficies de corta a feito e deixaranse pequenas mouteiras maduras ou de árbores mortas que interrompan a uniformidade da corta. Así mesmo, procuraranse perímetros irregulares nas cortas a feito, de xeito que supoñan un menor impacto visual e paisaxístico.
4. Incorporaranse medidas correctoras para o amortecemento das alteracións provocadas pola apertura de novas pistas.

4.7. Protección dos bens do patrimonio cultural

1. Con respecto ao xacemento arqueolóxico Mámoa do Alto da Moeda (GA32083033), cuxo contorno de protección atópase dentro do ámbito do proxecto:
 - Deberá figurar o citado xacemento e o seu contorno de protección no planos do proxecto de ordenación.
 - De acordo co artigo 45 da Lei do patrimonio cultural de Galicia, a execución de actuacións que poden supoñer movementos de terras debe de contar coa autorización da Consellería de Cultura, a cal ten carácter independente de





calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións. En base á resolución de 2 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DOG núm. 253 do 17.12.2020), o promotor deberá solicitar dita autorización ante a Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. Con respecto aos bens etnolóxicos identificados no monte, Curral da Fonte das Borraxes (GA32017ET-1) e Curral de Leoncio (GA32017ET-2):
 - Representaranse ditos bens nos planos do proxecto de ordenación forestal.
 - Ao efecto de evitar danos sobre estes bens e de acordo coa proposta do informe arqueolóxico realizado é preciso establecer unha área ou perímetro de protección de 20 m de radio en torno a cada un destes bens. Neste ámbito non se poden levar a cabo as plantacións previstas.
 - Así mesmo, durante o período de vixencia do proxecto de ordenación, de ser necesario, deben de realizarse rozas manuais da vexetación dos bens e do seu entorno para evitar o deterioro destes.
3. No caso de que na fase execución do proxecto se localizasen bens culturais ou indicios da súa posible existencia, deberase poñer en coñecemento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, quen como organismo competente na materia adoptará as medidas necesarias para a súa protección.

4.8. Protección ante accidentes graves e catástrofes

1. Teranse en conta as normas ou recomendacións que o Concello de Carballeda de Valdeorras, ou o órgano competente, teña establecidos ou poidan ditar en materia de riscos, de acordo coa Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

4.9. Programa de vixilancia e seguimento ambiental

1. O promotor e o órgano substantivo garantirán o cumprimento de todas as medidas preventivas, protectoras e correctoras recollidas no documento ambiental, e que se leven a cabo coa periodicidade adecuada.
2. Estas medidas deberán quedar definidas a nivel executable, incluíndose nos correspondentes planos e na planificación temporal, debendo ademais, estar presupostadas do mesmo xeito que o conxunto do proxecto.
3. Durante as fases de execución e explotación do proxecto, será necesario que un técnico con formación en materia ambiental supervise as labores, vixiando que se cumpra coas medidas propostas no documento ambiental e as recollidas no condicionado deste informe.
4. Ademais do cumprimento de todos os condicionantes ambientais recollidos neste informe de impacto ambiental e os contidos no documento ambiental do proxecto, teranse especialmente en conta as seguintes medidas:
 - Antes do comezo dos traballos, e conha antelación mínima dunha semana, deberase comunicar o inicio dos traballos de forestación e tratamentos silvícolas ao **Distrito Medioambiental XIII (Valdeorras-Trives)** e ao **Servizo de Patrimonio Natural de Ourense** co fin de valorar a posible incidencia das actuacións sobre os hábitats e as especies de fauna (fundamentalmente avifauna) que poidan verse afectas polas mesmas.
 - Deberase de poñer especial atención a todas as medidas propostas destinadas a evitar afeccións á fauna presente na zona, especialmente á avifauna e aos hábitats dos que dependen:





- obrigatoriedade do recoñecemento previo da superficie de actuación, especialmente antes das rozas.
- deixaranse mosaicos de matogueira do hábitat 4030 intercaladas entre as plantacións de *Pinus sylvestris*, que non superarán as 10 ha continuas.
- Farase un recoñecemento final da zona de actuación co fin de detectar e, se procede, recoller e xestionar os residuos que se poidan ter vertido durante os traballos realizados así como os posibles arrastres de terras que puidesen producirse fóra do ámbito do proxecto e proceder a restauración ambiental da/s zona/s se fose necesario.
- O material mineral procedente da limpeza de cunetas será devolto ás pistas e compactado debidamente naqueles puntos onde existan fochancas, cárcavas, barranqueiras, buratos, etc., non podendo este espallarse a modo de cordón ao carón da infraestrutura nin espallarse pola vexetación contigua nin almacenarse noutras localizacións diferentes ás referidas.

5. Proposta

Logo da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada proponse formular o informe de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

CONFORME

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)





RESOLVE:

Formular o informe de impacto ambiental do proxecto de ordenación forestal no MVMC "Serra do Eixo", no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense), promovido pola CMVMC Candeda, Carballeda, Casoio, Domiz, Puzmazán, Riodolas, Robledo, Santa Cruz, Soutadoiro, Ricosende, Viladequinta, Alixo, Raxoá e Millarouso, concluíndo que non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Esta resolución non exige ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes sexan necesarios para a execución do proxecto.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e remitirase ao órgano substantivo.

De acordo co artigo 47.5 da referida lei, contra este informe de impacto ambiental non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

